

Onstopus

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

Nº90/ Ano: 2024 / 2º xornal Mes de xullo/ Estado de xullo chuvioso

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com



Ás voltas cos camiños de Ons. Arranxaranse ben dunha vez por todas? Páx. 1



Rochas sen vida ao longo de toda a costa de Ons. Onde radicará o problema? Páx.1




Non sei se corresponde ao concello de Bueu, pero unha pequena limpeza anual aos lavadoiros de Ons, non estaría de máis. Páx. 3



O mellor pescador de gorras. (Páx. 2)



Vemos novas plantacións en varios puntos da illa, agora só hai que coidalas. Páx. 2



A asociación Os Galos sacou o nº 18 da súa revista de Cultura Marítima, nela podemos ler un artigo de Tinón, reivindicando como Museo, o Faro de Ons. Páx. 3



A antiga capela de Canexol, necesita un urxente arranxo. Páx. 4




Coa chegada do verán, volveu a varanda protectora ao peirao de Ons. Páx. 5



Arranxo de camiños de xeito puntual. Páxs. 6-7

É importante a protección dos paneis informativos para unha maior duración. Páx. 5



FARO DE ONS
Seguimos coa nosa reivindicación para que, o Faro de Ons se converta nun Museo.

SEGUIMOS FALANDO DOS CAMIÑOS DE ONS




Foto esquerda: Camiño do Faro

O camiño que partindo do Faro chega ata o enlace Curro de arriba-Chan da Pólvora, foi feito a finais dos anos 90 s.XX. Non sabemos por que pararon nesa zona, o que si, dende un primeiro momento, vimos que non reunía unhas condicións técnicas adecuadas, que pronto nos deron a razón. Ao pouco comezou a deteriorarse, non dun xeito alarmante, pero si como para pedir responsabilidades á empresa que o realizara.

Dende PineirÓns démonos conta e nos Informes que anualmente enviabamos á Consellería de M. Ambiente comunicabámolo. Tanto foi así, que chegaron, dende Parques alá polo 2009, a dicirnos que, rematado o Centro de Visitantes, poríanse a arranxalo.

Aínda estamos á espera. Como dixen, non é grave, pero un pequeno arranxo non lle viría mal.

Foto centro: Camiño de rodeiras de Curro a Pereiró

Como xa comentei en anteriores Onstopus e PineirÓns nos Informes mandamos á Consellería, coidamos que as rodeiras, se están realizadas cun estudo técnico previo, sería unha solución para os principais camiños da Illa, onde o tráfico rodado, necesario para servizos, poda circular con facilidade. Á vez, as persoas con algunha dificultade e para cadeira de rodas, tamén sería unha boa solución se ten un ancho adecuado.

Pois ben, se están tecnicamente deseñadas poden, polos bordes e centro, ter unha base de herba que facilita a andaina e evita o levantamento de po. Como se pode apreciar na foto, só un mínimo anaco dese camiño ten esa herba que dura todo o ano. Como os técnicos da Consellería non se dan conta e intentan que creza por todo o percorrido?

Foto dereita: Camiño de Melide

Outro dos camiños que, por tempadas anuais, dende a Consellería repáranos, pero, ao estar tan en costa e non facelo dun xeito adecuado tecnicamente, cada ano volve ao estado que podemos mirar na foto, dificultando o andar dos miles de visitantes que se achegan á praia e barrio de Melide. Por que non arranxalo ben dunha vez?

Quero deixar claro, que non son críticas contra ninguén, senón suxestións, que aínda que non somos técnicos, poden ter en conta ou, dende logo, melloralas.



ROCHAS SEN VIDA

Levámolo comentando dende hai xa uns anos, as rochas da zona leste, e tamén da oeste, de Ons están sen vida. Onde antes había un mundo de arneiróns, mexillóns, lapas,..., agora só vemos rochas totalmente limpas, o que quere dicir que moitos dos habitantes mariños, non teñen onde comer. Tamén llo dixemos á administración, pero ata o de agora, nin veciños, nin mariñeiros, nin nós, tivemos contestación. Estarán escondendo algo?



NOVA PLANTACIÓN DE ÁRBORES

(15/07/2024)

Na zona de Curro, no camiño que vai dende a igrexa cara a Melide, vimos este ano unha plantación de árbores. Consideramos esta iniciativa moi importante, sempre e cando, esas árbores teñan uns coidados estritos para que medren como os seus irmáns, que se atopan na foto da esquerda. Quizais nesta época de verán, aínda que por agora non asomou moito o sol, pode que necesiten auga e haberá que regalos. Medios teñen en Parques para facelo e, nas demais épocas do ano, haberá que facer un seguimento do seu crecemento e estado, sempre asesorados por persoal técnico. De non facelo, de nada valerá o esforzo positivo realizado. Seguiremos o seu proceso e daremos conta da boa ou mala actuación dos que teñen a obriga, nun Parque Nacional, de facer as cousas como se debe. Parabéns.



CONTOS DE TABERNA

“O PESCADOR DE GORRAS”

Alí estaban todos, na nova posta de xogar a partida. Remataran xa, cando *Manolo da Illa*, dende a porta, berrou: - *Aí anda o Pescador de Ghorras!!!*

Case todos os da mesa erguéronse e, dende a ventá, viron ao polifacético e mediático **Cesáreo** que, dende a súa dorna <Carmen> e coa axuda do bicheiro, parecía que estaba a coller algo da auga.

O día estivera bo. Os barcos de pasaxe viñeran a tope, pero estivo soprando un forte vento do norte. Estas circunstancias provocaron que os visitantes, que non tiveron a precaución de quitar ou suxeitar a gorra, viseira, sombreiro,..., que traían para protexerse do sol, ao desembarcar ou embarcar, o que levaran na cabeza, voara, indo a parar á auga sen posibilidade, agás botándose a nadar, de collela, polo que, como pasa sempre que hai forte vento na illa, as augas preto do peirao están sementadas destes elementos protectores.

Cesáreo viña de pescar *fanecas* e “*señoritas*”, e achegándose ao peirao veu un bo sombreiro que flotaba polas augas, loxicamente foi collelo, pero, ao achegarse máis ao peirao veu varias gorras tamén flotando e, evidentemente, non ían quedar no mar. Comezou a pescar aqueles estraños peixes que o mar, que é femia, daba.

Todo ía normal, ata que, ao coller unha das gorras, de cor vermello, veu como uns tentáculos asomaban por riba dela, como dicindo: - *Esta non a levas!!!*

Coa súa grande habilidade, deu o tirón preciso, e cal foi a súa sorpresa que gorra e polbo viñeron a parar á súa dorna.

Os da partida, e algúns achegados máis, saíran fora do bar a ver as manobras de **Cesáreo** e, cando comprobaron tal cousa, quedaron abraiados.

O conto podería rematar aí, como unha anécdota máis deste gran auniense, pero, a verdadeira historia veu ao día seguinte, xustamente pola mañanciña, cando o Garda Forestal saíu da súa casa e, ao asomarse para ver como estaba o mar, asombrado veu que todo o peirao estaba cheo de aunienses que, con canas de bambú e, como engado unha gorra, estaban á procura de polbos.

O Garda tivo que tomar cartas no asunto, estamos nun Parque Nacional, e esas manobras non estarían ben vistas coa chegada dos barcos de pasaxe.

Todo quedou nunha graciosa anécdota protagonizada polo mundialmente famoso **Cesáreo**.



Colección de gorras que garda Cesáreo na súa casa, “pescadas” no mar.



LAVADOIRO DO CAÑO

Hai uns anos que o concello de Bueu, supoño que con algunha subvención, nomeou a todos os Lavadoiros de Ons.

Tamén supoño que, como aínda non se puxeron de acordo, ou non queren poñerse, para ver as competencias de cada un (Parques-Concello), vemos que o cartel quedou moi bonito, pero o seu coidado, a quen corresponde?

Teño que dicir que, agás algunha circunstancia especial, as fontes de Ons sempre tiveron auga, ata nos veráns máis cálidos, só había que coidalas, como todo. Logo viñeron os pozos de barrena e algunhas quedaron, nos veráns máis secos, sen auga por falta de control da administración. E agora algunhas, deixan moito que desexar, tamén por falla de control de quen xestiona o Parque.

Cando fixen as fotos deste lavadoiro de Caño, quedei fascinado, poucas veces nos meus 50 anos de estancia a carón deste lavadoiro, vin que botara tanta auga.

Só queda esperar que sexa por un bo labor dos traballadores do Parque e que ese mesmo xeito de actuación o leven aos demais lavadoiros e fontes de toda a Illa.



Sobre o estado deste lavadoiro de Canexol, mellor que opinen os lectores.



COMPARSA BUEUENSE “Vou nun bou”

Como vén sendo habitual todos os anos no mes de xullo, a magnífica comparsa “Vou nun bou” de Bueu, tivo o xantar de confraternidade no Restaurante <Pirata> da Illa de Ons. Aínda que estamos un pouco “enfadados” con eles porque ultimamente, nas súa coplas de Entroido, non entra a nosa querida Illa, sempre estaremos ao seu carón polo seu gran labor artístico.



A petición de Luís Davila, Maqui e Tinón non tiveron inconveniente de fotografarse con el.

Capela de Canexol



O auniense Milucho, facilitando a entrada á capela.



Estado da cuberta interior, mesmo enriba da porta.



O pequeno retablo o que “mellor” se conserva.



O deterioro do teito é evidente debido á humidade.



Na foto podemos apreciar a parte frontal dun dos piornos máis grandes de Ons, e case da provincia de Pontevedra e, ao fondo o campanario da capela de Canexol. Nela vese a campá que Lino J. Pazos Pérez, historiador naval e, daquela (1998) Vicepresidente de Pineiróns, doou á Asociación Veciñal para poñer no campanario que atopábase baleiro.

A CAPELA DE CANEXOL

Esta é a capela primitiva de Ons. Fai falla un estudo, por especialistas, sobre ela, aínda que o estudoso da cultura de Bueu, **Arturo S. Cidrás**, realizou un magnífico artigo, con moita documentación, na revista Aunios: http://bueu.esy.es/Documentos/Autoresbueue/Arturo%20Cidras/Aunio-22_17-CapelaOns-Arturo.pdf

Pois temos que dicir, aínda que xa o comuniquei en anteriores Onstopus, que se atopa nun estado bastante deplorable no seu interior, e necesita un arranxo inmediato antes de que, nun inverno con, como se lle chama agora, varias danas, convértase en ruínas e despois o custo da súa rehabilitación sexa maior.

Coido que os veciños, principalmente, (ao seu arredor están soterrados os seus antepasados), Parques, o responsable da parroquia de Bueu-Beluso e o Grupo de Goberno de Bueu, teñen que tomar cartas no asunto e, poñerse en contacto coa **Consellería de Cultura e Patrimonio** para que esta Capela non acabe en ruínas e, á vez, se impulse ás universidades de Santiago e Vigo e a investigadores expertos sobre o tema, para realizar estudos sobre a posibilidade da existencia dun mosteiro en Ons, outra capela máis antiga e sobre esta, que segundo parece, data do s.XIX.

Fotos do interior da capela cedidas polo auniense Adrián Ferrer.



DETERIORO DOS PANEIS INFORMATIVOS

Con moi bo criterio, o Parque instalou, nos lugares máis representativos da illa, paneis explicativos para informar aos visitantes sobre diferentes cuestións relativas ao lugar onde se atopan.

Estes paneis sofren un deterioro anual. Ás veces, as menos, pola acción dos vándalos, e xeralmente polas inclemencias meteorolóxicas. Coido que sería unha boa idea, buscar un material adecuado que, aínda que sexa máis caro, á larga sae barato, pois non hai que estar cambiando ou reparándoo continuamente. Na foto un exemplo do que se atopa no barrio de Caño e que nos informa sobre a mellora de hábitats de anfibios.



O importante era non mollarse

Estamos a ter un mes de xullo de neboeiro e ata de chuvia e vento. Así foi o pasado domingo que, despois de celebrar a vitoria da nosa Selección e cando nos preparabamos para ir aos nosos aposentos, unha tremenda chuveira acompañado de forte vento do sur, obrigou a buscar solucións para non empaparse.

E, aquí temos a esta parella de aunienses de adopción que para desprazarse ata a súa vivenda tiveron que armarse de imaxinación e, aquí están os resultados.

Noutras épocas pensariamos que estabamos no entroido de verán, pero nada máis lonxe da realidade, menos mal que, polas inclemencias meteorolóxicas, non atoparon a ningún auniense polo camiño, senón sería o renacer de novo da temida Santa Compañía ou, tamén poderían pensar que o ovni que albiscou Benito Patiño dende o seu barco hai xa anos, aterrara na Illa e habitantes doutros mundos deambulaban por ela.

Foto: Cedida por Varu Camaway



VARANDA NO PEIRAO DA ILLA

Coa chegada do verán volve a varanda ao peirao de Ons que fôra desmontada para evitar o deterioro por mor dos temporais inverniais. Este balaustre, moi necesario, evita posibles caídas, sobre todo de nenos. O único é concienciar ás persoas que camiñan por el, tanto á chegada como á saída dos barcos de pasaxe, que deben circular por esa zona do peirao.

A FONTE DO BARRIO DE CAÑO

Onde está o círculo vermello, atopábase a fonte de Caño, unha das mellores da illa, cunha auga boísima. Agora, sen auga e totalmente descoidada.





MANZANITAS. Miguel González Barreal

O noso querido amigo Miguel, agora xa xubilado, vive no lugar onde se criou, en Bemposta.

Formou parte dende moi pequeno do Circo “Ciudad de los Muchachos” onde facía de contorsionista.

Coñecino en Ons, ala polos finais dos anos 70 s.XX, e fixémonos moi bos amigos.

Cando deixou o circo dedicouse á fotografía, tendo importantes tendas en Ourense e Ribadavia, tamén traballou para a axencia Efe.

Realizou moitos traballos fotográficos sobre Ons e axudoume na montaxe do primeiro Vídeo que realicei, a finais dos 80 s.XX, sobre as características de Ons.

Aquí o vemos o día da final da Eurocopa.

Que sigas ben compañeiro!!!



ALVARITO de ONS

Aquí temos a Alvarito, pilotando o seu barco pesqueiro o día do Carme en Cangas.

ARRANXO DO CAMIÑO DE SERVIZOS EN CURRO

Co fin de evitar, o menos posible, o paso de vehículos polo centro do barrio de Curro, estase a preparar con pavicesped o sendeiro que, por detrás das edificacións, leva ata o peirao. É a primeira fase do Proxecto de acondicionamento do barrio se Curro. **Páx. 6**



ALGUNHAS ÁRBORES INTERESANTES DA ILLA DE ONS



ARBORES DE ONS

En Ons hai unha serie de árbores que hai que coidar e conservar. Neste caso traio:

- Esquerda:** Sabugueiro en Caño.
- Centro:** Sobreira en Curro.
- Esquerda:** Carballos en Caño.




ARRANXOS PUNTUAIS DALGÚNS CAMIÑOS

O pasado venres 19 de xullo este acceso que vai a rentes do restaurante Pirata e que enlaza co sendeiro que dá servizo aos veciños de Curro Alto e serve de atallo para dirixirse aos barrios de Chan da Pólvora e Cucorno, así como tamén ao Cármping, foi arranzado, supoñemos que puntualmente, pola empresa que, tamén cremos, levará o arranxo do Acondicionamento de Curro. Nas fotos podemos apreciar o estado no que se atopaba (foto esquerda) e como quedou posteriormente (foto dereita), aínda que presumimos que, si non se fortalece mellor o firme de terra, no outono, coas primeira chuvias e o empinado da costa, pronto acabará toda a terra no camiño de Curro.



OBSERVANDO O SOL

Unha das actividades que se programaron dende o Parque Nacional e que está a ter un gran éxito. Está dirixida por un astrónomo e se desenvolve á porta do C. de Visitantes.



ONS NA MEMORIA

Xa choveu dende esta foto que debe ter máis de 30 anos. Nela vemos, na terraza de Checho, á esquerda a Suso Maqueira; no centro a Cesáreo que, como podedes comprobar, non pasan os anos por el; e á dereita ao meco Victor Lores. Tres grandes pescadores e grandes amigos



SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS

Estas suxestións que fai F. Alonso Romero están referidas ao último Onstopus e a unha nota de prensa sobre a Capela de Canexol que lle enviei. Teñen para min unha grande importancia debido ao bo coñecemento que tanto **Fernando Alonso** como a súa dona **María Castroviejo**, teñen da Illa de Ons, sobre a que realizaron moi interesantes traballos de investigación nas décadas dos 70 e 80 do pasado s. XX.

Os dous, continúan tendo un enorme interese por todo o que respecta a este arquipélago, e seguen con interese tanto a revista **AUNIOS** (revista da que son colaboradores e na que foron homenaxeados) como do minixornal Onstopus.

Sobre o n° 89 de **Onstopus**, fan esta suxestión: “...*Muchas gracias por el envío de Onstopus. Cada vez que lo leo me alegra ver noticias nuevas sobre Ons y otras islas gallegas, y creo que todos los amantes de ese hermoso archipiélago nos unimos a tus propuestas para mejorar las condiciones de vida en Ons, el mantenimiento de sus playas, incluida la nudista: una de las pioneras en España, y la creación del Museo dos Faros, dos Fareiros e dos Naufraixios. ...*”.

Tamén envielle a nota de prensa que a As. Veciñal de Ons sacou sobre a capela do barrio de Canexol: <https://www.farodevigo.es/o-morrazo/2024/07/19/vecinos-ons-alertan-grave-deterioro-105823621.html>

Despois de recibida envioume este curioso e-mail, que espero o teñan en conta á hora dunha posible rehabilitación: “*Buenos días, Tino. Muchas gracias por el envío del artículo sobre la vieja capilla de Ons. Hay dos cosas que observo en las fotografías: 1. Las piedras que están a la derecha de la ventana circular parece que tienen letras o signos. 2. Las piedras que forman la base del altar son claramente piedras reutilizadas que proceden de otra construcción. ¿Se sabe de dónde?. Es posible que esa capilla se construyera sobre los cimientos de otra construcción...*” .

Agradezo moitísimo estas suxestións de Fernando e María, entre outras moitas, pola seu enorme compromiso con esta Illa, que dura máis de 50 anos, e polo interese que prestan cara a ela.

Comentar, así de xeito moi resumido, que María Castroviejo é oftalmóloga e que realizou interesantes investigacións sobre a Medicina Popular de Ons e que Alonso Romero é catedrático xubilado de Historia e cultura dos países de fala inglesa na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela e en 1977 creou a Sala do Mar do Museo do Pobo Galego.

http://bueu.esy.es/Libros/Libros_PDF/CuadernosEstudiosGallegos/Medicinapopular_Ons_Castroviejo/Medicinapopular_Ons_Castroviejo.pdf

<http://www.anuariobrigantino.betanzos.net/Ab2004PDF/2004%20313-324%20MARIA%20CASTROVIEJO.pdf>

<http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/26/09-Fernando-Tinon.pdf>

<https://www.todostuslibros.com/autor/fernando-alonso-romero>

<http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/26/08-Fernando-Erias.pdf>

<http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/26/09-Fernando-Tinon.pdf>

<http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/26/10-Fernando-Boado.pdf>

<http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/26/11-Achega-Xulio.pdf>

<http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/26/12-Fernando-Almagro.pdf>



Foto esquerda: Interior da Capela de Canexol no ano 1974 (Alonso Romero). Foto dereita: Faro de Ons.



Saída da lúa o 21 de xullo sobre Pragueira. Fotos sacada dende a Illa de Ons.

FARO da ILLA de ONS

Candil sobre o Atlántico

Estase a realizar unha recollida de sinaturas en Ons, por parte das asociacións bueuenses: Liboreiro, Galos e Anduxía, e da Illa de Ons: PineirÓns, para que o Faro de Ons sexa un Museo e rexeitando a súa explotación privada.

